

**CONVENIO Nº 2679 A SUSCRIBIR ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO
"INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES" E A "AVCD MONTE DA MINA
DE CASTRELOS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE
ACTUACIÓN DEPORTIVA NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CASTRELOS.**

No Concello de Vigo, o día 03 de decembro de 2014

COMPARÉCEN

DUNHA PARTE: D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

DOUTRA PARTE: D. Juan Freiría Barros con DNI: 35967067N, como presidente da AVCD Monte da Mina de Castrelos (G-36623593), según consta na documentación remitida pola entidade .

Diante da secretaria delegada do organismo autónomo "Instituto Municipal dos Deportes de Vigo", Dña. Concepción Campos Acuña. .

Ámbalas dúas partes recoñecen a súa capacidade e competencia para formalizar o presente convenio entre as entidades ás que representan e


EXPOÑEN:

Que o Concello de Vigo, a través do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, é o organismo xestor da infraestrutura deportiva da cidade e que de forma xeral desenvolve programas de promoción deportiva en todos os ámbitos.

Que ambas entidades están interesadas en colaborar conjuntamente na coordinación de esforzos de cara a reunir os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento de programas de colaboración en materia de promoción e dinamización da práctica deportiva.

Que de forma xenérica o obxecto principal do presente convenio engloba unha serie de actuacións en relación á dinamización e potenciación das diversas posibilidades de práctica deportiva na instalación Municipal do Pavillón Municipal de Castrelos.

Que todos estes aspectos nos levan á necesidade de conxugar o presente convenio de colaboración coa AVCD Monte da Mina de Castrelos.



establecemento un marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, polo que dito obxecto regulado polo seguinte convenio, atopase incluído no establecido no artigo 4.d) do RD 3/2011, polo que se aproba o TRLCSP.

Polo tanto, e para levar a cabo as accións necesarias que fagan realidade os fins propostos, ámbalas dúas entidades suscriben o presente convenio de colaboración definindo as actuacións necesarias baixo os principios e garantías de equilibrio, capacidade e solvencia, que de forma específica especificase nas seguintes

CLAUSULAS:

Primeira: A finalidade deste convenio fundamentase de forma principal na colaboración conxunta para a dinamización deportiva da instalación do Pavillón Municipal de Castrelos. A vixencia do presente convenio será dende a súa sinatura ata o 30 de xuño de 2015. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.


Segunda: A lexislación aplicable, para este convenio, o atoparse excluído do ámbito obxectivo de aplicación do RD 3/2011, polo que se aproba o TRLCSP (art. 4.d), queda referida ás propias cláusulas do convenio, ás restantes normas de derecho administrativo vinculadas e, no seu defecto, ás normas de derecho privado.

Terceira: A AVCD Monte da Mina de Castrelos, colaborará co Instituto Municipal dos Deportes no desenvolvemento da dinamización deportiva da instalación do Pavillón de Castrelos a través dos seguintes compromisos:

1. A Entidade AVCD Monte da Mina de Castrelos, encargarase da dinamización dun programa deportivo no barrio a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da práctica deportiva, respondendo os seguintes aspectos:

- a.1.-Xerar ofertas que se correspondan coas demandas do seu entorno social.
 - a.2.-Ser mediadores na difusión das actividades do I.M.D., colaborando no seu desenvolvemento.

2. A Entidade AVCD Monte da Mina de Castrelos, durante os horarios establecidos polo IMD e que se atopen fora dos de programación e atención directa por parte do IMD, para o desenvolvemento deste programa de promoción da práctica deportiva, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio a apertura e peche da instalación, así como das tarefas básicas do control e vixiancia das actividades.




Dito persoal non terá ningunha relación laboral contractual co Concello de Vigo, e deberá atoparse baixo o réxime laboral adecuado a súa responsabilidade. Para ese efecto, a AVCD Monte da Mina de Castrelos contará con todos os medios materiais e organizativos suficientes, garantindo a través da sua facultade de dirección e das súas potestades organizativas o correcto desenvolvemento do obxecto deste convenio.

Igualmente garantirá a custodia das propiedades e enseres depositados na instalación, para o cal deberá comunicar os correspondentes partes de incidencias sobre calquera desperfecto atopado ou ocasionado polas actividades. De forma xeral tódalas incidencias e necesidades serán transmitidas coa maior celeridade posible ó departamento correspondente do IMD para o seu fluído tratamento e coñecemento.

3. A Entidade AVCD Monte da Mina de Castrelos, será a responsable da execución dos programas deportivos, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio. Ademais deberá de cumplir con todos os requisitos de seguridade obligatorios por normas de aplicación sectoriais da actividade que se desenvolva.
4. A AVCD Monte da Mina de Castrelos, para garantir o uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do IMD.
5. En toda a información e publicidade das actividades deportivas vinculadas a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, da Concellería de Deportes e do Instituto Municipal dos Deportes como entidades colaboradoras. Así mesmo todos os medios de promoción e difusión deberán emplegar o galego.

Cuarta: O Instituto Municipal dos Deportes comprométese a:

1. Colaborar coa Entidade que asina o presente convenio para poder programar as diversas actividades deportivas vinculadas con este convenio nos horarios necesarios durante o período de vixencia do presente convenio. Os usos vinculados a este convenio terán fundamentalmente o seu desenvolvemento fora dos horarios da programación e atención directa por parte do IMD, según as necesidades de uso establecidas.
2. O Instituto Municipal dos Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas según o apartado anterior. A reserva do uso destas instalacións será realizado sen custe para a AVCD Monte da Mina de Castrelos nos usos realizados fora dos horarios da programación e atención directa por parte do IMD, en función o descrito no apartado letra c) do artigo nº 6, do capítulo V) da ordenanza fiscal reguladora dos



prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes o Instituto Municipal dos deportes.

3. Para o acceso á instalación deportiva o IMD facilitará á AVCD Monte da Mina de Castrelos, unha copia das chaves, así como un código de acceso á instalación no caso necesario, responsabilizándose o persoal da entidade da custodia, adecuado uso para a apertura e peche da instalación, así como de non transferir a terceiras persoas, tanto as chaves como o código e acceso.

Quinta: Por outro lado a sinatura deste convenio, non impide que a AVCD Monte da Mina de Castrelos, solicite o uso doutras instalacións deportivas municipais, neste caso sempre rexerase baixo a normativa xeral de uso de instalacións deportivas municipais.

Sexta: O IMD a través do seu persoal cualificado a tal efecto, resérvase a facultade de controlar o bo uso das instalacións, así como de emitir informes sobre o debido cumprimento das obrigas contraídas en materia de mantemento e coidado da instalación, para o cal a Entidade que asina este convenio atenderá as indicacións do anexo I.

Sétima: Os asinantes do presente convenio comprométense a confeccionar unha memoria anual en relación o desenvolvemento das actividades incluídas neste convenio, a cal deberá contemplar:

Por parte da AVCD Monte da Mina de Castrelos:


- Descripción das actividades realizadas.
- Nº de participantes.
- Nº de entidades.
- Valoración da actividade
- Outros puntos que sexan considerados de interese.

Por parte do IMD:

- Nº de horas destinadas ó programa de colaboración coa AVCD Monte da Mina de Castrelos.
- Cálculo dos importes derivados da exención, no ámbito da aplicación do descrito na letra c) do artigo nº 6, do capítulo V) da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes o Instituto Municipal dos deportes.

Desta memoria anual deberase dar conta a Xunta Reitora do IMD.

Oitava: A AVCD Monte da Mina de Castrelos, non poderá percibir cantidade algúnya pola utilización das instalacións obxecto deste convenio, por parte de terceiros, nin poderá autorizar o seu uso unilateralmente sen autorización previa do I.M.D.



Novena: Para o seguimento do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará formada por dúas persoas nomeadas por cada unha das partes.

Décima: O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio poderá ser denunciada polas partes, quedando facultado o Presidente da Xunta Rectora do IMD para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

En proba da súa conformidade, as partes intervintes, así o conveñen asinando por duplicado , no lugar e data indicada no presente convenio.

O Alcalde do Concello de Vigo.


D. Abel Caballero Álvarez

A Secretaria da Xunta Rectora

Dna. Concepción Campos Acuña

O presidente da AVCD Monte da Mina
de Castrelos

D. Juan Freiría Barros

**ANEXO I: Indicacións e pautas para o bo funcionamento da instalación:****a.- REVISIÓN DOS SISTEMAS E EQUIPOS DA INSTALACIÓN:**

Neste apartado facemos referencia o conxunto de sistemas que fan posible o funcionamiento habitual da instalación tales como: a produción de auga quente sanitaria, sistemas de iluminación, marcadores, megafonía, etc.

a.1.- Recoméndase debido a súa importancia funcional, realizar unha revisión do seu funcionamiento antes do inicio das actividades diariamente.

a.2.- Así mesmo pola complexidade e perigosidade dos devanditos sistemas, é absolutamente desaconsellable que se intente efectuar arranxos ou reparacións en ditos sistemas.

Ante a existencia de calquera incidente, deberá proceder a comunicalo coa maior celeridade posible, para que sexan reparados polo persoal autorizado polo I.M.D.

Ditos avisos, áinda que polo seu carácter de urxencia poidan ser realizados telefonicamente, deberán ser identificados de forma escrita.

b.- ATENCIÓN OS USUARIOS

A filosofía normativa deste apartado centrase na procura de que os usuarios poidan desenvolver a súa actividade nas mellores condicións posibles.

b.1.- Antes do inicio das actividades cada día o responsable da entidade deberá revisar a mesma, debendo preocuparse do grao de limpeza e orden da mesma.

b.2.- O remate da actividade a entidade deberá proceder a recoller as chaves cedidas con anterioridade, xa que en ocasións as chaves pérdense ou quedan en poder dos usuarios, ocasionando serios problemas para a instalación e para os futuros usuarios.

b.3.- Como norma debese contactar co responsable do grupo ou equipo, paralelamente levarase un cuadrante no que se anote o vestiario que é asignado a cada equipo para mellorar o control do uso.

b.4.- Cada vez que un equipo ou grupo, deixe de utilizar os vestuarios, realizarase unha revisión do mesmo, comprobando que todo quedou en orde, e que non existen desperfectos. No caso de detectar algúun deterioro, procurarase subsanar e darase parte do acontecido.

b.5.- Cando exista algunha avaría nalgún sistema, informarase desta circunstancia ós usuarios á chegada á instalación.

b.6.- Tampouco debese de abandoar a seguridade do usuario tanto a nivel persoal como dos enseres dos que sexa propietario, para o que deberase de ter en conta un control de acceso á instalación.

c.- OUTRAS FUNCIÓN XERAIS:

c.1.- Atender as orientación e programación feita polo IMD.

c.2.- Entregar semanalmente os partes de uso da instalación.

c.3.- Realizar os partes de incidencias de cantas anomalías sexan producidas na instalación.

c.4.- Para os casos de incidencias persoais dos deportistas vinculados os programas deportivos do convenio, a entidade deberá dispor dos plans e procesos de asistencia médica, segúndo os protocolos específicos dos seguros correspondentes.